

Encontro Festlatino 2012

# AS LINGUAS E CULTURAS PENINSULARES E A SÚA PROXECCIÓN INTERNACIONAL

Martes, 3 de abril de 2012  
CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
Santiago de Compostela

## programa do encontro

sesión da mañá

9:30 h.  
Inauguración

10:00 h.  
O Instituto Camões e a proxección internacional da cultura e a lingua portuguesa

ANA PAULA LABORINHO. Instituto Camões

11:00 h.  
El Instituto Cervantes y su proyección americana

FRANCISCO MORENO. Instituto Cervantes

12:00 h.  
Pausa

12:30 h.  
Mesa redonda: A literatura e o audiovisual galegos e a súa proxección internacional

SUSO DE TORO, escritor

MANUEL BRAGADO, Asociación Galega de Editores

MARGARITA LEDO, USC

Moderador: HUMBERTO FRANÇA, Festlatino

sesión de tarde

16:00 h.  
Amores e desamores em torno da lingua

ISABEL PIRES DE LIMA, Festlatino

17:00 h.  
Promocionando la literatura catalana, por esos mundos de Dios

ALEX SUSANNA, Institut Ramon LLull

18:00 h.  
Pausa

18:30 h.  
Mesa Redonda: As institucións galegas e a proxección internacional da cultura galega

ENRIQUE SÁEZ PONTE,  
Fundación Juana de Vega

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI, USC

VALENTÍN GARCÍA, Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Moderador: HENRIQUE MONTEAGUDO, Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega ten como encomenda estatutaria a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Nos últimos anos véñense desenvolvendo encontros e convenios con distintas institucións públicas e entidades culturais con vistas a contribuír ao diálogo da cultura galega con outras culturas e á súa proxección no exterior. Nesta liña de traballo o Consello da Cultura Galega organiza en colaboración co Movemento Festlatino o seminario "As linguas e culturas peninsulares e a súa proxección internacional" que terá lugar o martes, 3 de abril de 2012 na sede do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela. Nel participarán representantes de institucións das distintas culturas da península ibérica vinculadas á súa proxección exterior e á promoción do diálogo intercultural (Instituto Ramón Llull, Instituto Camões, Instituto Cervantes, o propio Festlatino), xunto a persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural e universitario galego.

O encontro está coordinado por Henrique Monteagudo (Consello da Cultura Galega) e Humberto França (Movemento Festlatino).

## O Movemento Festlatino

O Festlatino é nun movemento cultural, literario e educacional que ten como obxectivo fomentar o diálogo cultural entre os países e zonas de linguas e culturas neolatinas de Europa, África, Américas e Asia. Anualmente celebra un congreso no Recife e seminarios preparatorios en varios países de linguas neolatinas que reúnen persoas relevantes do ámbito da escrita, filoloxía, profesorado, arte, estudantado, diplomacia, xornalismo, xestión e liderado cultural e político e promoción cultural.

O Movemento Festlatino ten como presidente de honra ao Dr. Mário Soares, ex-Presidente da República Portuguesa, e está dirixido por un consello formado por vinte e seis personalidades do mundo da cultura e linguas de doce países. O seu coordinador xeral é Humberto França.

Pode atopar información sobre o festlatino no blog: <http://festlatino.blogspot.com/>



Para asistir é preciso confirmación no correo: [difusion@consellodacultura.org](mailto:difusion@consellodacultura.org)